



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DEZ DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 10 de maio de 2024, ás 10:40 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:

María Josefa Álvarez Bugallo
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación da urxencia da sesión

O alcalde explica que a urxencia está motivada polos prazos que hai que cumprir no expediente de solicitude de subvención para a subministración do camión eléctrico para a recollida de lixo-biorresiduos e pola necesidade urxente da situación especial na que se atopa o contrato do Servizo de Axuda no Fogar

A XGL ratifica a urxencia por unanimidade.

2 2024/C005/000001 Aprobación do expediente e dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a contratación, por procedemento aberto simplificado da subministración de camión eléctrico para a recollida de lixo-biorresiduos

A secretaria le a proposta.

“PROPOSTA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXP:2024/C005/000001 SUBMINISTRO CAMIÓN ELÉCTRICO PARA A RECOLLIDA DE LIXO- BIORRESIDUOS

O Concello solicitou a axuda publicada na orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 1 de xuño de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de bio-residuos de competencia municipal, co-financiadas polo fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

procedemento MT975P).

Trala obtención da subvención para a adquisición dun camión eléctrico tipo RSU non compactador de 4 m3 de capacidade con eleva contedores de carga traseira, establécese a necesidade de iniciar un proceso de contratación que culmine na adquisición dun vehículo coas citadas características, que permita a realización do traballo de recollida selectiva de bio-residuos. Dito vehículo debe ser eléctrico para atender ás bases reguladoras da subvención obtida.

Tales labores de recollida de lixo son competencia municipal, art. 25.2.b) da Lei 7/1985, LBRL, obrigatoria como establece o art. 26.1.a) do citado texto normativo e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular no seu artigo 12.5.a). Así mesmo, en virtude da mesma lei, existen unha serie de obxectivos a acadar en materia de redución da fracción de residuos a vertedoiro, para o cal faise imprescindible a implantación e funcionamento do servizo de recollida de bio-residuos domésticos, para o cal precísase dispor dun vehículo das características descritas para poder prestar o servizo.

Na data de 6.02.2024 o técnico de medio ambiente emitiu o informe de necesidade, cumprindo o establecido no artigo 28 LCSP.

Visto que o orzamento, como máximo, ascende a contía de 70.000 euros (IVE excluído), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado por razón da contía (art. 159.1 e 21.1.a LCSP)

O 11.03.2024 o técnico de medio ambiente asina os pregos de prescricións técnicas.

O 21.03.2024 asínase o PCAP polo TAX e posteriormente a memoria xustificativa o 1.04.2024

Logo de ver a existencia de crédito orzamentario suficiente, certificado no RC da Intervención por importe de 84.700 €.

O 6.05.2024 asínase o informe de secretaría con carácter favorable, e posteriormente é fiscalizado de conformidade por intervención o 9.05.2024.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 555/2023 e 734/2023, o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, **PROPOÑO**

Primeiro Aprobar o expediente e os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a contratación, por procedemento aberto simplificado do **SUBMINISTRO CAMIÓN ELÉCTRICO PARA A RECOLLIDA DE LIXO- BIORESIDUOS**

Segundo- Autorizar un gasto por importe de 70.000 máis 14.700 euros de IVE que fan un total de 84.700 €, con cargo á aplicación orzamentaria: 1621/62400 do vixente Orzamento municipal

Terceiro.- Publicar a convocatoria da licitación no perfil do contratante a través da plataforma de contratación do Estado para a presentación de ofertas durante o prazo de 15 días hábiles dende a publicación no perfil, coa información do artigo 63 da LCSP e o contido do Anexo III da LCSP.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Alcalde
Jose Manuel Mato Martínez
Documento asinado dixitalmente ao marxe.”

Os membros da Xunta de Goberno Local aproban a proposta por unanimidade.

3 2023/C003/000002 Autorización da redacción do modificado do proxecto de obras denominado “Servizos e pavimentación no barrio Campo e estación de bombeo de augas residuais en Ponteceso (POS+2023)”

A secretaria le a proposta.

“AUTORIZACIÓN PARA REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA: <<SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO (POS+2023) EXPEDIENTE: 2023/C003/000002.

Esta Alcaldía, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, entendeu necesario que se tramitara un contrato de obras denominado <<SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO (POS+2023) EXPEDIENTE: 2023/C003/000002>>, cun valor estimado de 135.538,47 euros, IVE 28.463,08 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 164.001,55 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Rubén Calvarro Ribadulla, colexiado núm. 30.511, e cun prazo de execución de 3 meses, recolléndose no correspondente Proxecto de Obras os Pregos de Prescricións Técnicas polos que se rexerá a licitación, aprobado o expediente de contratación pola Resolución da Alcaldía número: 562/2023, de 7 de xullo, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017, empregando o procedemento aberto simplificado consonte ó artigo 159 da LCSP, tramitación ordinaria e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, e o Prego tipo aprobado pola Deputación Provincial da Coruña.

Constan como antecedentes máis importantes do expediente:

- Proxecto da obra de proxecto de obras “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO” (POS + 2023), redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado núm. 30511, en marzo de 2023, inicialmente aprobado polo acordo do Pleno de data 13-02-2023, e cuxo refundido foi aprobado pola resolución da alcaldía núm. 347/2023 de data 25-04-2023 sendo o seu valor estimado de 135.538,47 euros, IVE Importe IVE: 28.463 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 164.001,55 euros
- Acta de reformulo previo do 27.06.2023 , asinada D. Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado núm. 30511
- Decreto de alcaldía 553/2023 polo que se resolve o inicio do expediente.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Memoria xustificativa da contratación elaborado polo TAX o 4.07.2023 así como dos criterios de adxudicación e insuficiencia de medios
 - Certificados de existencia de crédito do 30.06.2023
 - Prego de prescricións técnicas conforme proxecto aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 347/2023 de data 25-04-2023 sendo o seu valor estimado de 135.538,47 euros, IVE Importe IVE: 28.463 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 164.001,55 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado núm. 30511, en marzo de 2023,
 - Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo TAX 3.07.2023
 - Decreto de Alcaldía 562/2023 do 7.07.2023 polo que se aproba o expediente de contratación RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO" (POS + 2023)
 - Acordo da XGL do 11.10.2023 polo que se acorda adxudicar o contrato de obras denominado: <<SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO (POS+2023) EXPEDIENTE: 2023/C003/000002>>, á empresa MANTIDO, SL, polo importe de 131.065,70 euros, máis 27.523,80 de IVE, totalizando 158.589,50 euros, cun prazo de execución de 3 meses, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo, así como se nomea como director de obra e responsable do contrato a Rubén Calvarro Ribadulla.
 - Decreto de Alcaldía 130/2024 do 16.02.2024 no que se acorda ampliar o prazo de execución ate o 17.04.2024
 - Solicitude conxunta do contratista (Mantido S.L, representado por Martín Castiñeira Pérez) e o director de obra e responsable do contrato, Rubén Calvarro Rivadulla, do 10/04/2024 no que solicitan a suspensión total do contrato polos motivos expostos e autorización para redacción do modificado.
 - Informe técnico asinado por Ernesto Fernando Calvo Pérez do 15.04.2024 no que informa favorablemente a suspensión do contrato así como a redacción do modificado do proxecto.
 - Informe de secretaría do 15.04.2024 favorable a acordar a suspensión do contrato.
 - Decreto de Alcaldía 333/2024 no que se acorda a suspensión total do contrato RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO (CORME PORTO) E EBAR EN PONTECESO" (POS + 2023
 - Acta de suspensión do 18.04.2024 .
 - Informe de secretaría do 8.05.2024 de carácter favorable a autorización a redacción do proxecto modificado e no que se establece o procedemento e a lexislación aplicable
- Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución núm. 734/2023, de 8 de setembro, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local.
- Propoño á Xunta de Goberno Local:**
- Primeiro.- Autorizar a redacción do modificado do proxecto de obras denominado: <<SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO (POS+2023) EXPEDIENTE: 2023/C003/000002>> ,
- Segundo.- Notificar o acordo ó director da obra e responsable do contrato, así como o contratista.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Terceiro. Unha vez elaborado dar audiencia ao contratista por un prazo de 3 días naturais, con traslado do informe emitido e da proposta de modificación, para que presente as alegacións que estime pertinentes.

Cuarto. Dar audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes preparáronse por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

Ponteceso, a 4 de outubro de 2023/ O alcalde/José Manuel Mato Martínez”

Os membros da Xunta de Goberno Local aproban a proposta por unanimidade.

4 2024/C004/000003 Aprobación do expediente de contratación de servizos denominado “Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso

A secretaria le a proposta.

“PROPOSTA DE ACORDO APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2024/C004/000003, SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE PONTECESO

O 7.02.2023 a Mesa de contratación de carácter permanente réunese e indica que o prazo para presentar ofertas rematou o pasado 25.01.2024 ás 23.59 horas, sin que se presentara ningunha proposta para tomar parte na licitación, polo que acorda comunicar ao órgano de contratación que a licitación para este contrato SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR QUEDOU DESERTO ao non presentarse no prazo regulamentario ningunha proposta para tomar parte nela. A competencia para ven atribuída ao Pleno pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, ao superar o valor estimado do contrato, cifrado en 3.357.267 euros (IVE excluído), o 10 por cento dos recursos ordinarios do vixente orzamento municipal, cifrados en 472.102,62 €, se ben deberase ter en conta que tanto a aprobación do expediente como a súa adxudicación deberá ser sometida á Xunta de Goberno Local, órgano que ostenta a competencia, ao ser delegada a mesma polo acordo do Pleno de data 13-07-2023. Previamente ao acordo da Xunta de Goberno Local deberase someter a proposta de acordo ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

Sometida a proposta á Comisión de Asuntos Xerais a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 15-03-2024 adoptou o acordo de declarar deserta a licitación do expediente de contratación 2023/C004/000001, “Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso”.

O Servizo de axuda a domicilio (SAF) trátase dun servizo esencial que require un importante número de persoal para a súa prestación. A xestión do persoal por parte do departamento de servizos sociais deste concello sería inviable, posto que dito departamento conta só con dúas traballadoras sociais. O traballo a desenvolver conleva a dedicación exclusiva dun equipo de persoas que ademais contén con experiencia na realización desas tarefas e se atopen inscritos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, para o programa de axuda no fogar.

Este concello carece de medios persoais para prestar estas actividades con persoal propio, de xeito que a única opción para prestar este servizo e así dar continuidade de atención ás persoas usuarias é a súa contratación cunha empresa suficientemente capacitada.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A alcaldía entende que o servizo de axuda no fogar (S.A.F.) é un servizo prioritario ,persistindo a necesidade urxente de proceder á nova licitación do servizo,, e dadas as limitacións que ten este concello en canto a medios humanos e técnicos, por RA 335/2024 iníciase de novo o expediente 2024/C004/000003

O 16.04.2024 emítise o informe de insuficiencia de medios e da necesidade pola traballadora social, sendo o obxecto do contrato a prestación do servizo de axuda no fogar no uso das competencias municipais que establece a Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e o Decreto 99/2012 de 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O 26.04.2024 emítese o estudo económico financeiro asinado polo TAX, o cal establece o valor estimado do contrato de servizos, o orzamento máximo de licitación e os prezos máximos por hora de prestación.

O 30.04.2024 asina a traballadora social o prego de prescricións técnicas.

O 30.04.2024 o T.A.X. asina o prego de cláusulas administrativas particulares, o cal deter determina, entre outros aspectos, a competencia do Pleno como órgano de contratación, en función do valor estimado dimanante do estudo económico e da duración do contrato. Sendo a duración do contrato de dous anos, coa posibilidade de dúas prórrogas, cada unha dunha ano de duración, polo que a duración total poderá ser de catro anos. O valor estimado do contrato ascende a 3.114.626,60 euros (IVE excluído), a súa contratación licitarase mediante procedemento aberto (art. 156 LCSP), tramitación ordinaria. Este contrato estará suxeito a regulación harmonizada ao superar o limiar establecido no artigo 22.1.c) da LCSP, correspondendo o seu obxecto a servizo de asistencia social, CPV 85310000-5, incluído no Anexo IV da LCSP.

Así mesmo o 2.05.2024. emite o informe como xefe da dependencia de contratación.

Rematados os trámites previstos na LCSP someteuse ao informe preceptivo da secretaría, emitido na data de 3.05.2024 en sentido favorable

O 7.05.2024 a intervención municipal emite a fiscalización previa do expediente en sentido favorable.

A competencia para a aprobación do expediente ven atribuída ao Pleno pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, ao superar o valor estimado do contrato, cifrado en 3.114.626,60 euros (IVE excluído), o 10 por cento dos recursos ordinarios do vixente orzamento municipal,se ben deberase ter en conta que tanto a aprobación do expediente como a súa adxudicación deberá ser sometida á Xunta de Goberno Local, órgano que ostenta a competencia, ao ser delegada a mesma polo acordo do Pleno de data 13-07-2023. Previamente ao acordo da Xunta de Goberno Local deberase someter a proposta de acordo ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

Por todo o anterior elevo á Xunta de Goberno Local, previo ditame da Comisión informativa a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación de servizos, art. 17 da LCSP, denominado “Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso”, número 2024/C004/000003, cun



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

valor estimado de 3.114.626,60 euros e cun orzamento máximo de licitación de 3.239.211,66 euros (IVE incluído), a tramitar polo procedemento aberto art. 156 e seguintes da LCSP, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de adxudicación, con licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, suxeito a regulación harmonizada e tramitación anticipada.

De conformidade co estudo económico realizado polo TAX o prezo máximo das horas das prestacións será o seguinte:

	PREZO/HORA SEN IVE	IVE (4%)	PREZO/HORA CON IVE
PREZO H. ORD LIBRE CONCORRENCIA	21,08 €	0.84	21,92 €
PREZO H. ORD DEPENDENCIA	21,08 €	0,84	21,92
PREZO H. FESTIVA DEPENDENCIA	25,87 €	1,83	26,90 €

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto do presente contrato de servizos e verificar previamente á adxudicación a existencia de crédito para a aprobación do gasto ao tramitarse como gasto de tramitación anticipada, ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira da LCSP.

TERCEIRO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto regulado nos artigos 156 e seguintes da LCSP, suxeito a regulación harmonizada, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no DOUE e no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de TRINTA DÍAS NATURAIS, artigo 156.6 da LCSP, se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ponteceso, na data da súa sinatura dixital.

O alcalde/José Manuel Mato Martínez”

Os membros da Xunta de Goberno Local aproban a proposta por unanimidade.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 10:50 h e eu redacto esta acta.

O presidente
José Manuel Mato Martínez

Dou fe. (artigo 3.2 do R. d. 128/2018)
Antía Pena Dorado

*Documento asinado dixitalmente na marxe.
Documento asinado electrónicamente ao marxe.